

Concrecións metodolóxicas, materiais e criterios de cualificación para o alumnado no programa de Atención Virtual ao Alumnado (AVA) na materia de Valores Éticos (VE)

Concrecións metodolóxicas que require a materia

Procedementos

- Realización de traballos de carácter práctico relacionados cos temas tratados no curso ou sobre outros temas de interese propio para o alumnado, que fomentarán a **formación do xuízo crítico e da opinión propia** y consistirán en ensaios breves que cumpran coas seguintes consideracións:
 - Traballos.
 - Elección dun tema con implicacións éticas.
 - Defensa dialéctica -con razoamentos e argumentos- dalgunha das opcións posibles no contexto elixido. O texto poderá ser redactado indistintamente en galego ou en castelán, pero sen mesturar.
 - Presentación de traballos en formato pdf na Aula Virtual AV-FdC antes da data sinalada como límite.

Instrumentos de avaliación

A avaliación efectuarase atendendo aos **traballos** presentados.

A recuperación só será necesaria naqueles casos nos que o discente denote non ter adquirido as competencias básicas así como os coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais contemplados nos contidos e consistirá na repetición do traballo práctico e/ou a execución dun traballo práctico diferente, segundo os casos particulares.

Os discentes que non obtiveran cualificación positiva global ao remate do curso en xuño segundo os criterios de cualificación dispostos no apartado correspondente deberán realizar un exame formal que conterá cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe e relacionadas cos contidos expostos e traballados durante o curso. Este exame -que poderá ser oral, escrito ou unha combinación de ambas- axustarase aos acordos tomados na reunión do equipo docente do grupo de 3º ESO celebrada o xoves 28 de xaneiro de 2021 e reflectidos na correspondente acta.

Materiais e recursos didácticos

Libros de texto

Non hai libro de texto en ningún nivel.

Bibliografía complementaria

A Biblioteca dispón dunha extensa bibliografía que poderá ser empregada de xeito ordinario como material complementario.

Novas tecnoloxías e recursos na rede

Na AV-FdC publícase unha tarefa por avaliación na que o alumnado pode facer entrega dos seus traballos.

Criteria de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Puntuación dos traballos

- A puntuación máxima dun traballo individual é de 10 puntos.
- A puntuación dun traballo individual non presentado é de 0 puntos.
- Opción 1 - Calidade.
 - Relatos ben construídos con razoamentos e argumentos válidos darán acceso a maior puntuación con menor extensión.
- Opción 2 - Cantidade.
 - 1 punto por cada 500 caracteres.

Nota de avaliación

- A avaliación é continua, polo que se considerarán en todo momento todas as cualificacións desde o inicio de curso ata o momento da concreción da mesma nunha nota.
- A nota da 1ª avaliación será a suma da puntuación dos traballos presentados desde o principio do curso..

- A nota da 2ª avaliación será a suma da puntuación dos traballos presentados desde o principio do curso dividida por 2.
- A nota da 3ª avaliación será a suma da puntuación dos traballos presentados desde o principio do curso dividida por 3.
- A nota final do curso será a da 3ª avaliación salvo mediando o exame final.
- No será necesario recuperar as avaliacións suspensas xa que é posible acadar puntuacións arbitrariamente maiores ao 10 en calquera momento.
- Os discentes poderán acceder a súa cualificación en calquera momento, deste modo teñen o control e a responsabilidade sobre ela.
- Nos exames finais ordinario e extraordinario, que deberán realizar todos aqueles discentes que obtivesen una **nota de avaliación** inferior ao 5 ao remate do curso e poderán realizar todos aqueles que desexen mellorar a súa cualificación, constará a nota que pode obterse pola correcta execución de cada exercicio. A cualificación positiva en calquera destes exames finais, tanto o ordinario como o extraordinario, implica a superación da materia no nivel do exame máis tódolos anteriores. Estes exames, segundo as circunstancias, poderán ser escritos ou orais.